



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tel: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O DÍA 20 DE ABRIL DO 2017

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e na Resolución deste Alcalde número 474/2015, do 19 de xuño, modificada pola número 846/2015, do 23 de decembro,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que terá lugar no Salón da Alcaldía da Casa Consistorial o vindeiro día **20 de abril de 2017 (xoves) ás 10:00 horas**, coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior do 4 de abril de 2017.
- 2.- Comunicación previa de obras de reparación de humidades e pintado interior de vivenda sito no lugar de Fonte Pedreira, Campo da Barca núm. 16, formulada por dona María del Mar López Louro, expediente 155/2016 ITP.
- 3.- Comunicación previa de obras de acondicionamento de local sito na rúa Camilo José Cela núm. 2 baixo, formulada por don José Luis Tubío Eitor expediente 190/2016 ITP.
- 4.- Licenza de obras para ampliación de naves industriais destinadas a loxística na estrada Padrón-Noia (AC 301) KM, Extramundi, formulada por Aluminios Costizo, SAU, expediente 81/2012.
- 5.- Modificación acordo Xunta de Goberno Local de 09/03/2016. Liquidación da taxa por aproveitamentos especiais a R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A. Exercicios 2015 e 2016.
- 6.- Axuda programa emerxencia social expediente siuss 125.
- 7.- Aprobación do pago da taxa de regularización catastral dun inmovible sito no lugar de Extramundi de Abaixo.
- 8.- Rogos e preguntas.

Segundo. Dar traslado da presente Resolución á Intervención Municipal e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

(Documento asinado dixitalmente)